



# **LIÑAS XERAIS ORZAMENTARIAS PARA O ANO 2017**

Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e  
Sustentabilidade

---

## INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC do 11 de outubro de 2007 (DOG do 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a de aprobar as liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. O 30 de marzo do presente ano aprobáronse as liñas xerais do orzamento para o ano 2016. Agora corresponde a proposta desas liñas xerais para o ano 2017. Este ano está comprendido dentro do Plan de financiamento do sistema universitario galego 2016-2020 (a partir de agora, PFSUG). Nel defínense os parámetros do financiamento das universidades galegas desde o ano 2016 ata o ano 2020.

Os contidos do documento estrutúranse nos seguintes apartados:

1. Plan de financiamento do sistema universitario galego: síntese
2. Contexto orzamentario
3. Principais fontes de financiamento do PFSUG e comparativa respecto ao ano 2016
4. Estimación dos ingresos e gastos correspondentes ás principais partidas
5. Tesouraría e evolución dos efectivos de PDI e PAS
6. Conclusións

## **1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2016-2020**

Tendo en conta o marco normativo vixente, a Xunta de Galicia aprobou o 29 de outubro, mediante Consello de Goberno, o Plan galego de financiamento universitario (PFSUG 2016-2020) baseándose no cal as institucións públicas de ensino universitario de Galicia deberán desenvolver as súas actividades e deseñar aquelas políticas que permitan garantir o correcto funcionamento do sistema educativo universitario.

Como xa se explicou no Claustro anterior, o PFSUG establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de cálculo do financiamento, as bases para a execución do orzamento e o seguimento da súa evolución e do seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual en que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para mellorar a calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. Os principais contidos céntranse no obxecto e na vixencia, a estrutura dos fondos cunha estimación da súa proxección e os principios de funcionamento, que xa foron explicados no Claustro anterior. Porén, sintetízanse os seus principais datos e figuras.

### **PFSUG: Principais características**

#### **a) Obxecto e vixencia**

O obxecto do Plan de financiamento é establecer un marco de financiamento para todo o sistema universitario galego e a súa vixencia comprende desde o 8 de xaneiro de 2016, ata o 31 de decembro de 2020, ambos os dous anos incluídos.

#### **b) Estrutura e evolución**

No que refire á estrutura dos fondos e á súa evolución previsible, distínguese un financiamento estrutural e un financiamento por resultados. No financiamento estrutural inclúense o custo estándar (o cal se calcula en función das necesidades teóricas docentes e funcionais), o subfondo RAM (reformas, ampliacións e mellora), os servizos traspasados do INEF-Galicia e as prazas vinculadas ao SERGAS. No financiamento por resultados inclúense os complementos retributivos, o panel de indicadores, o fomento da I+D+i e outros custos asociados ao ensino universitario. A evolución das partidas de financiamento estrutural e de resultados iranse axustando paulatinamente até chegar arredor do 60 % nas partidas estruturais, mentres que o case 40 % restante será repartido entre as universidades do SUG en proporción aos resultados

obtidos por cada unha das institucións. Un resultado aproximado da repartición do SUG para o conxunto das tres universidades no período de vixencia do Plan pódese ver na táboa 1. As previsións de financiamento público que percibirá o ensino universitario de Galicia no período 2016-2020 situaranse nunha cifra global de 2479,26 millóns de euros.

**Táboa 1. Plan galego de financiamento universitario 2016-2020 (PFSUG 2016-2020)**

Ano	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
	66 %	64,5 %	63 %	61,5 %	60 %	
	34 %	35,5 %	37 %	38,5 %	40 %	<b>2069,26*</b>
<b>SUG</b>	100%	100%	100 %	100 %	100 %	
	<b>392,30</b>	<b>407,22</b>	<b>415,57</b>	<b>423,08</b>	<b>429,96</b>	
	<b>82</b>	<b>82</b>	<b>82</b>	<b>82</b>	<b>82</b>	<b>410**</b>
<b>TOTAL</b>						<b>2479,26</b>

Fonte: elaboración propia a partir do PFSUG (2016-2020)

\* Créditos de partidas orzamentarias directamente vinculadas ao PFSUG 2016-2020 nos orzamentos da Xunta de Galicia (en millóns de euros)

\*\* Achegas públicas estimadas á marxe do PFSUG 2016-2020

### c) Principios

Os principios en que se basea o PFSUG son a eficiencia, a suficiencia, a equidade institucional, o equilibrio orzamentario e a transparencia. Destaca, sobre todo, a eficiencia. Tal e como se sinala no anterior apartado, este Plan non só estimula as universidades a competir pola repartición dos fondos de resultados con base nuns indicadores de calidade, senón tamén a conseguir fondos nas diferentes convocatorias de diferentes organismos públicos [galegos (Xunta), nacionais (Ministerio) ou europeos (UE)] e, así mesmo, a esforzarse pola consecución de fondos públicos procedentes de administracións locais, nacionais e europeas.

### d) Seguimento do Plan


Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e o rigor na repartición dos fondos vinculados ao PFSUG establecerase unha comisión de seguimento. Esta comisión pretende

garantir a correcta execución e seguimento dos acordos que se asinen entre a Xunta de Galicia e cada unha das universidades do SUG con este fin.

## 2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade docente e investigadora da Universidade da Coruña sufriu unha gran deterioración desde o ano 2009. Neste período, os orzamentos diminuíron un 15,60 % baixando dos 137,8 millóns do ano 2009 ata os 116,32 millóns no último orzamento aprobado, que corresponde ao ano 2016 (véxase a figura 1).

**Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2016**



Fonte: elaboración propia a partir PFSUG (2005-2010 e 2011-2016)

Estas limitacións orzamentarias están afectando a todos os ámbitos de desenvolvemento e funcionamento diario, incluíndo todos os colectivos implicados, PDI, PAS e estudantes. É imprescindible a mellora do financiamento, sobre todo no que respecta ao fondo estrutural, que é o principal garante do normal funcionamento do sistema universitario galego. Desta maneira,

daríase cumprimento efectivo a un dos principios en que se sustenta o PFSUG, xa explicado no anterior apartado, como é o principio da suficiencia. Da mesma maneira, aínda que se producise unha diminución do número de alumnos e dos créditos matriculados por alumno, o mantemento deste fondo garantiría estabilidade e eficiencia, pois permitiría soportar os custos fixos, os cales son independentes da evolución do alumnado ou do ritmo de actividade investigadora e docente. No apartado seguinte, vanse analizar con máis detalle os diferentes apartados do financiamento universitario, en que se inclúe tamén o fondo estrutural.

### **3. ANÁLISE DA REPARTICIÓN DO FINANCIAMENTO DO PFSUG E EVOLUCIÓN NOS ANOS 2016 E 2017**

A principal fonte de financiamento do sistema universitario galego provén da Xunta de Galicia. A continuación coméntanse os seus principais compoñentes.

#### **3.1 Compoñentes do financiamento**

Para comprender mellor a estrutura do PFSUG explícanse brevemente os conceptos e logo examínase tanto a ponderación de cada un dos conceptos como a evolución dos fondos para o conxunto de SUG e particularmente para a nosa universidade.

##### **Financiamento estrutural**

No financiamento estrutural están os subfondos:

- Custo estándar: trátase dos custos asociados ás necesidades docentes e funcionais. Este subfondo evolucionará segundo a porcentaxe de variación da masa salarial fixada para cada exercicio pola lei de orzamentos da Comunidade Autónoma. Para o cálculo deste fondo estrutural téñense en conta as necesidades teóricas docentes, as cales dependen principalmente da evolución do número de alumnos e dos créditos efectivamente matriculados.
- Subfondo RAM (reformas, ampliación e mantemento das infraestruturas), cuxa evolución é constante.
- Subfondo dos servizos traspasados do INEF-Galicia e prazas vinculadas ao SERGAS. Estes créditos experimentarán a variación que corresponda á evolución das retribucións básicas e complementarias do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma.

- Adicionalmente, no ano 2017 tamén está incluída, como un apartado singular, a restauración do complemento específico imputable á paga extra.

### **Financiamento por resultados**

Na parte do financiamento por resultados están os subfondos:

- Complementos retributivos. Son contías derivadas, dunha banda, do recoñecemento dos sexenios de investigación e dos complementos retributivos autonómicos e, da outra, da compensación por matrículas e bolsas de matrícula concedidas polo Ministerio de Educación.
- Panel de indicadores. Partida orzamentaria cuxa contía vai depender dunha serie de indicadores de calidade. Evolucionará en función da taxa de evolución do PIB. Este fondo repártese en función da capacidade competitiva das universidades nas áreas de investigación, transferencia e docencia.
- Outros custos asociados ao ensino universitario.
- Fomento da I+D+i e transferencia. Contías vinculadas a convocatorias de concorrencia competitiva e convenios para a execución e transferencia de coñecemento desenvolvidos polas universidades galegas –cuxa taxa de evolución dependerá da taxa de crecemento do PIB nominal e multiplicada por dous–.

## **3.2 Repartición do fondo estrutural nos anos 2016 e 2017: comparativa entres as universidades do SUG e análise particular da UDC**

### **3.2.1 Análise do fondo estrutural para o SUG**

Para proceder ao cálculo do fondo estrutural, tal e como se explicou no apartado 3.1, o *input* fundamental de partida son o número de estudantes e os créditos matriculados computables. Tal e como se pode comprobar na táboa 2, o número de estudantes no SUG pasa de 64 538 a 60 830.

**Táboa 2. Evolución dos estudantes, estudantes por materia computable e créditos matriculados computables**

	Estudantes estatísticas M°			Estudantes por materia computable			Créditos matriculados computables		
	2013/14	2014/15	Variación	2013/14	2014/15	Variación	2013/14	2014/15	Variación
<b>UDC</b>	19 478	18 187	-6,60 %	133 988	127 589	-4,80 %	801 757	748 569	-6,60 %
<b>USC</b>	24 491	23 754	-3,00 %	201 867	199 306	1,30 %	1 147 746	1 111 032	-3,20 %
<b>UVI</b>	20 569	18 889	-8,20 %	148 369	131 386	-11,40 %	903 035	800 865	-11,30 %
	<b>64 538</b>	<b>60 830</b>	<b>-5,70 %</b>	<b>484 224</b>	<b>458 281</b>	<b>-5,40 %</b>	<b>2 852 538</b>	<b>2 660 466</b>	<b>-6,70 %</b>

Fonte: elaboración propia a partir da información facilitada pola Consellería de Facenda (21-07-2016)

Esta evolución tradúcese nunha redución de financiamento estrutural para o conxunto do SUG de 6,70 millóns de euros pois pasa de 241,41 millóns no ano 2016 a 234,71 millóns no ano 2017 (véxase a táboa 3). Nesta mesma táboa tamén se pode visualizar un dato relevante. O custo estándar no ano 2016 inicialmente foi de 63,4 millóns de euros –o que se traducía nun 26,41 %–, o cal tras a nosa reclamación de revisión dos indicadores que explicaban o fondo estrutural –e que foi explicado no anterior Claustro– pasou a 64,7, o que representa unha ponderación do 26,80 %. Esta mellora traducíuse nun incremento adicional do fondo estrutural de 1,28 millóns (véxase a táboa 3). Esta mellora consolidouse para o ano 2017, xa que, como se pode ver, a UDC pasa do 26,80 % ao 26,93 %.

**Táboa 3. Variación no custo estándar entre o ano 2016 e o ano 2017 para as diferentes Universidades do SUG**

	Ano 2016		Ano 2017		Variación interanual (%)	Diferenza
	Custo estándar	Ponderación	Custo estándar	Ponderación		
<b>UDC</b>	64 698 808,48*	26,80 %	63 208 545	26,93 %	0,13 %	-1 490 263,48
<b>USC</b>	98 928 417,28	40,98 %	97 006 008	41,33 %	0,35 %	-1 922 409,28
<b>UVI</b>	77 786 564,00	32,22 %	74 498 424	31,74 %	-0,48 %	-3 288 140,00
	<b>241 413 789,76</b>	<b>100 %</b>	<b>234 712 977</b>	<b>100 %</b>		<b>-6 700 812,76</b>

\*Inicialmente, á UDC correspondíanlle 63,4 millóns, o que supoñía un 26,41 %. A mellora traducíuse en 1,28 millóns, o que dá un saldo final de 64,7.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (novembro 2016)



Outra das cuestións que é importante destacar é o procedemento de cálculo que se segue para obter esas ponderacións. Isto xa foi obxecto de análise e explicación no Claustro anterior.


Como se pode visualizar na táboa 4 e na figura 2, o cálculo do fondo estrutural revela que ten un valor medio dun 26,93 %, o cal, para a Universidade da Coruña, é inferior ao peso do alumnado (26,90 %) e ao peso do crédito computable por alumno (28,14 %). Este dato é incoherente, pois non debería ser inferior a eses dous indicadores.

**Táboa 4. Cálculo do fondo estrutural para as universidades que compoñen o SUG - 2017**

	<b>Peso fondo estrutural</b>	<b>Peso estudantes</b>	<b>Peso crédito computable</b>	<b>Fondo estrutural (en millóns de euros)</b>
<b>UDC</b>	26,93 %	29,90 %	28,14 %	63,2
<b>USC</b>	41,33 %	39,05 %	41,76 %	97
<b>UVIGO</b>	31,74 %	31,05 %	30,10 %	74,5
	<b>100,00 %</b>	<b>100,00 %</b>	<b>100,00 %</b>	<b>234,7</b>

Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Facenda (21-07-2016)

**Figura 2. Comparativa do fondo estrutural das universidades do SUG**



Fonte: elaboración propia a partir de información facilitada pola Consellería de Facenda

Tras a reunión da Comisión de Seguimento, que se realizou o 21 de xullo deste ano, a Consellería de Facenda propuxo facer unha auditoría dos datos, que estaba previsto que se realizase en setembro. Porén, debido ao adiamento das eleccións e a que unha das universidades precisou revisar o envío dos seus datos, o proceso non deu comezo até principios de decembro. De feito, nestes momentos esta información está a ser avaliada por unha auditora externa, a cal estivo na nosa universidade o pasado xoves, 1 de decembro. En función do resultado final, procederíase a realizar os axustes necesarios.

A falta de resolución deste problema está causando un atraso na elaboración dos orzamentos e na entrega deste documento final. Ademais, obriga a ter que seguir adiante o proceso de desenvolvemento dos orzamentos a partir das previsións actuais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, á espera do resultado final definitivo.

A proposta desta universidade, que será defendida na Comisión de Seguimento, é que exista un nivel mínimo de fondo estrutural que permitira garantir o funcionamento ordinario das universidades do SUG, de tal xeito que aínda que se producise unha redución no número de alumnos non se desviasen fondos do fondo estrutural ao subfondo de resultados. De igual

maneira, vén de esixir que exista unha homoxeneización no cálculo dos créditos computables por materia e alumno cun proceso de homoxeneización do número de materias computables por título e do número de grupos.

### 3.2.2 Custo estándar e variación real do fondo estrutural para a UDC

Malia que a Universidade da Coruña mellora na ponderación do custo estándar (26,80 % (26,41 % inicial) vs. 26,93 %), a perda de alumnado no sistema fai que se obteña unha achega menor, que pasa no ano 2016 de 64,7 millóns a 63,2 millóns no ano 2017. Por tanto, como se pode visualizar na táboa 5, isto supón unha perda do fondo estrutural, pois o incremento do ano 2016 ao ano 2017 que sería de 0,22 millóns vén derivado fundamentalmente do incremento da recuperación do complemento específico ou equivalente imputable á extra, mais o custo estándar en termos reais experimenta un descenso de 1,49 millóns de euros (táboa 5).

**Táboa 5. Variación das diferentes compoñentes do financiamento estrutural da UDC no período 2016 e 2017**

FONDO	SUBFONDO	2016	2017	Diferenza
<b>FINANCIAMENTO ESTRUTURAL</b>	Custo estándar	64 698 808,48	63 208 545,00	-1 490 263,48
	RAM	1 203 069,90	1 124 688,90	-78 381,00
	INEF Galicia (e recuperación do complemento específico)	2 856 931,00	3 061 986,00	205 055,00
	SERGAS prazas vinculadas	1 012 333,00	1 012 333,00	0,00
	Restauración do complemento específico ou equivalente	2 056 369,37	3 640 000,00	1 583 630,63
	<b>SUBTOTAL ESTRUTURAL</b>	<b>71 827 511,75</b>	<b>72 047 552,90</b>	<b>220 041,15</b>

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (novembro 2016)

### 3.3. Análise do fondo de Resultados

#### 3.3.1 Variación do fondo de Resultados para o SUG e análise da UDC

Como se pode ver na táboa 6, existe un incremento tanto no panel de indicadores como no dos complementos retributivos da nosa universidade, o cal é un dato positivo. Este dato revela que a Universidade, no seu conxunto, está a mellorar o rendemento da actividade investigadora e de transferencia. Este incremento debería consolidarse nos próximos anos, o que permitiría mellorar a captación dos fondos por resultados, sobre todo no panel de indicadores. Neste sentido, a captación de talento, a mellora da produción científica ou a realización dunha maior transferencia son indicadores que reforzarían e potenciarían non só a capacidade competitiva para captar una maior cantidade de fondos da repartición do fondo de resultados, senón tamén a captación de fondos alleos como contratos de I+D ou actividade de transferencia e o que aínda ten máis valor, como é transferir coñecemento e tecnoloxía ou servizos de alto valor engadido á sociedade.

**Táboa 6. Evolución do Fondo de resultados no período 2016-2017  
para as universidades do SUG\***

		Ano 2016		Ano 2017		
		Contía	%	Contía	%	Var.
<b>UDC</b>		11 604 460,00	21,04 %	13 729 177,00	21,75%	<b>0,71 %</b>
<b>USC</b>	<b>Subfondo Panel indicadores</b>	24 285 537,00	44,03 %	28 111 036,00	44,53%	<b>0,50 %</b>
<b>UVIGO</b>		19 264 179,00	34,93 %	21 285 224,00	33,72%	<b>-1,21 %</b>
		<b>55 154 176,00</b>	<b>100 %</b>	<b>63 125 437,00</b>	<b>100%</b>	
<b>UDC</b>		5 579 348,32	23,28 %	5 862 119,94	23,67%	<b>0,39 %</b>
<b>USC</b>	<b>Subfondo complementos retributivos, compensación matrículas</b>	12 211 108,36	50,96 %	12 133 511,34	49,01%	<b>-1,95 %</b>
<b>UVIGO</b>		6 171 350,32	25,75 %	6 766 175,72	27,32%	<b>2,43 %</b>
		<b>23 961 807,00</b>	<b>100 %</b>	<b>24 761 807,00</b>	<b>100 %</b>	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (novembro 2016)

\* Non se inclúe o Consello Social porque é unha achega igual para as tres universidades e non experimenta evolución

Revisando en detalle o caso da nosa universidade, vemos que mellora a captación de fondos por esta vía pasando para o caso do panel de indicadores de 11,60 millóns, o que representaba no ano 2016 unha ponderación do 21,04 %, a 13,73 millóns, o que representa unha suba de 0,71 puntos pois a ponderación para o ano 2017 é do 21,75 %. Isto tradúcese nunha mellora de 2,12 millóns e dun incremento do 0,71 %, sendo a Universidade que máis mellora no conxunto do SUG.

**Táboa 7. Variación das diferentes compoñentes do financiamento por resultados entre o ano 2016 e 2017**

	Concepto	2016	2017	Variación absoluta e relativa (%)
<b>FINANCIAMENTO POR RESULTADOS</b>	Complementos retributivos e compensación por matrículas (Cap IV)	5 579 348,32 (23,28 %)	5 862 119,94 (23,67 %)	<b>282 771,62</b> <b>(0,39 %)</b>
	Outros custos asociados ao ensino universitario (Cap. IV)	200 000,00	200 000,00	-
	Panel de indicadores (Cap. IV e Cap. VII)	11 604 459,79 (21,04 %)	13 729 177,00 (21,75 %)	<b>2 124 717,21</b> <b>(0,71 %)</b>
	<b>SUBTOTAL RESULTADOS</b>	<b>17 383 808,11</b>	<b>19 791 296,94</b>	<b>2 407 488,83</b>

Fonte: elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (novembro 2016)

Ao facer unha análise detallada dos diferentes indicadores de calidade cómpre destacar que a Universidade da Coruña mellora en sete dos doce indicadores de calidade, o cal é un dato certamente notable. Igualmente, mantense en tres deles case constante. Destácase a mellora nos indicadores de captación de talento investigador (PFSUG-02), patentes de explotación (PFSUG -03), sexenios de investigación (PFSUG -04), teses de doutoramento defendidas (PFSUG -07), proxectos nacionais e internacionais (PFSUG -09) e alumnos de posgrao por grao (PFSUG -10).

**Táboa 8. Variación das diferentes compoñentes do financiamento e estrutural e por resultados entre o ano 2016 e 2017**

FONDO	SUBFONDO	2016	2017
<b>FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL</b>	Custe estándar	64.698.808,48	63.208.545,00
	RAM	1.203.069,90	1.124.688,90
	INEF Galicia	2.856.931,00	3.061.986,00
	SERGAS plazas vinculadas	1.012.333,00	1.012.333,00
	Recuperación paga extra ou equivalente	2.056.369,37	3.640.000,00
<b>FINANCIAMENTO POR RESULTADOS</b>	Complementos retributivos e compensación por matriculas	5.579.348,32	5.862.119,94
	Outros custes asociados ao ensino universitario	200.000,00	200.000,00
	Panel de indicadores	11.604.459,79	13.729.177,00
	Fomento da I+D+i e a transferencia	-	
<b>TOTAL</b>		<b>89.211.319,86</b>	<b>91.838.849,84</b>

Fonte: elaboración propia

#### **4. GRANDES LIÑAS DE INGRESOS E GASTOS**

A continuación váise presentar a estimación das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2017, principalmente daquelas que teñen unha gran ponderación no orzamento final.

##### **4.1 Principais partidas de ingresos**

###### **a) Taxas e prezos públicos (capítulo III)**

Os ingresos por taxas e prezos públicos e outros ingresos supoñen unha achega porcentualmente escasa no conxunto do financiamento. A principal partida é a matriculación de estudantes, cuxa estimación se sitúa nunha cifra que pode oscilar arredor dos 18 000 alumnos. As matrículas por actividade docente (tarifa primeira), avaliación e probas (tarifa segunda), os títulos e secretaría (tarifa terceira) e liquidacións especiais xunto coa emisión de certificados e títulos estímase que supoñen un montante de 12,7 millóns de €. Cómpre destacar que estamos a experimentar unha

tendencia á baixa na matrícula dos estudantes, pola influencia da baixa na taxa de natalidade, a cal comezará a repercutir no medio prazo e con máis intensidade no longo prazo. Esta diminución de estudantes, como xa se explicou no apartado anterior, está causando que o financiamento estrutural experimente un descenso para todo o sistema universitario galego. Preséntase un novo escenario ante o cal esta universidade pretende implantar medidas e programas innovadores como unha nova oferta de graos e mestrados baseados nos campus de especialización e que intenten dar resposta ás novas necesidades sociais e de formación de profesionais que sirvan para impulsar sectores estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Neste sentido, cómpre destacar que para o campus de Ferrol este ano mellorouse a nova matrícula nun 4,5 % o cal pode ser un indicador de que se avanza nesta dirección de especialización e promoción dos campus; estes incrementos pódense estabilizar e incluso mellorar non só en termos cuantitativos senón tamén en termos cualitativos.

Outra das accións que se está a impulsar é a transferencia de coñecementos, a cal ademais de permitir a obtención de ingresos para o sistema universitario da nosa universidade a través de contratos e prestacións de servizos, caso dos custos indirectos de proxectos de investigación e contratos con empresas (art. 83), facilita a transmisión de coñecemento e de tecnoloxía ao contorno. A estimación dos ingresos por estes conceptos (custos indirectos, facturación de servizos de investigación) e outros ingresos por prestación de servizos como alugueiros, espazos para empresas, e actividades culturais ou deportivas calcúlase que pode alcanzar os 2,84 millóns de euros. Finalmente, tamén existen taxas por servizos administrativos e ingresos diversos que se estiman en 0,7 millóns, o que alcanza un valor final de 16,35 millóns.

#### **b) Transferencias correntes (capítulo IV)**

A principal fonte de financiamento de UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do capítulo IV hai un incremento con respecto ao ano 2016. Este incremento está baseado fundamentalmente na recuperación do complemento específico imputable na paga extra. Cómpre destacar que melloran as transferencias por resultados se ben non se contabiliza o panel de indicadores do capítulo VII (6 265 996,38 €), mais si aquela parte que corresponde ao capítulo IV (7 463 180,62 €). Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF, as prazas vinculadas ao SERGAS e as transferencias por mecenado (Inditex), polo que se estima alcanzar un montante de 87,08 millóns de euros.

**c) Transferencias de capital (capítulo VII)**

Nestes momentos, as transferencias por capital están por debaixo do ano anterior, isto vén motivado polo feito de que non se espera acometer a realización de grandes infraestruturas. De feito, xa se finalizou a ampliación do edificio do Centro de Investigación Tecnolóxica de Enxeñaría e Edificación Civil (CITEEC). As principais partidas deste apartado son proxectos de investigación (Xunta e MINECO) así como convenios. Neste sentido cómpre destacar o convenio para o Campus Industrial de Ferrol, cunha segunda anualidade correspondente ao bienio 2016-17 e que se pretende continuar para o bienio 2018-19. Non se inclúen neste apartado os proxectos europeos, debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentos de sinatura do *grant agreement*. Estímase que o montante alcance a cifra de 15,21 millóns de €

**d) Activos financeiros (capítulo VIII)**


Tal e como se explicou no documento anterior de marzo deste ano, o remanente está a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira, o que derivou nestes últimos exercicios nunha perda de remanente.

**e) Ingresos patrimoniais (capítulo V)**

Ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa que non se ten en conta para estimar os equilibrios futuros. Practicamente non hai variacións respecto ao ano 2016.



**Figura 3. Proxección das principais partidas de orzamento de ingresos**



Fonte: elaboración propia

## 4.2 Principais partidas de gastos

### a) Gastos de persoal (capítulo I)

Os gastos de persoal representan a porción máis importante do total dos gastos. Na análise desta partida convén ter en conta que leva incluída a recuperación do complemento específico imputable á paga extra. Estímase nunha contía de 90 293 millóns de euros.

### b) Gastos correntes (capítulo II)

Estase a realizar un control e racionalización dos gastos no capítulo II, o que deriva nunha diminución real e notable dos gastos. Neste capítulo estanse aplicando medidas de aforro como planificación progresiva da centralización do gasto (ex. seguros), medidas de aforro enerxético, ou mellora na xestión económica. Igualmente, é necesaria a colaboración de toda a comunidade universitaria para controlar os consumos. Estanse a implantar programas de aforro e de racionalización do gasto en partidas como reparacións de edificios, maquinaria, transportes,

mobiliario (conta 210 e seguintes), material de oficina (220), subministracións (221), comunicacións (222). Para poder implantar estes programas preténdese compensar con achegas de capital procedente de institucións públicas (Concello da Coruña, Deputación e Xunta de Galicia) e co deseño de programas de aforro, como a implantación de programas de eficiencia enerxética. Estímase un total de 14,52 millóns.

**c) Transferencias correntes (capítulo IV)**

Cómpre destacar o maior impulso e apoio que esta universidade pretende darlle á internacionalización, para o cal se están destinando máis recursos e desenvolvendo máis programas. Tamén é moi importante a achega que se fai para os estudantes como bolsas, bono-bus, residencias, mobilidade e promoción das actividades culturais ou deportivas. Estímase un montante de 3,16 millóns de euros.

**c) Investimentos reais (capítulo VI)**


O capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2017 motivado pola necesidade de acometer investimentos de capital para conseguir financiar parte das medidas de aforro mostradas no capítulo II (por exemplo, os programas de eficiencia enerxética). Estímase en 10,59 millóns de €

**d) Resto de partidas: gastos financeiros (capítulo III), fondo de continxencia (capítulo V) e variacións en activos e pasivos financeiros (capítulo VIII e IX).**

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros, fondo de continxencia e variacións de activos practicamente non hai cambios. Tamén é importante destacar a redución do pasivo financeiro (anticipo reintegrable), xa que se estima unha diminución de 0,2 millóns de euros con respecto ao ano anterior.

Como consecuencia desta estimación de ingresos e gastos, o balance do exercicio económico do ano 2017 presenta un escenario en que se está a producir unha lixeira mellora nos ingresos correspondente ao capítulo III, (figura 3, ano 2017) e unha mellora das transferencias correntes (capítulo IV), se ben neste apartado está incluída a recuperación do complemento específico. Por tanto, en termos reais estamos a experimentar unha perda de financiamento estrutural, tal e como xa se explicou no apartado terceiro (táboa 5).

**Figura 4. Proxección do orzamento de gastos**



Fonte: elaboración propia

No que se refire aos gastos, prodúcese unha redución do gasto no capítulo II motivado por medidas de mellora de xestión económica e administrativa (eficiencia enerxética, maior control do gasto, administración electrónica etc.) a cal precisa de achegas de capital doutras institucións e pola captación de recursos alleos. Este feito explica que no capítulo VI exista unha leve mellora como consecuencia do gasto derivado dos investimentos necesarios para implantar medidas de aforro e de mellora da xestión.

## 5. EVOLUCIÓN DA TESOURARÍA E EVOLUCIÓN DO PDI E DO PAS

### 5.1 EVOLUCIÓN DA TESOURARÍA

Como xa se explicou en marzo deste ano coa aprobación no Claustro da programación plurianual de 2016-17, estamos suxeitos a un contexto orzamentario que está a sufrir unha situación de incerteza económica. Así, a conxuntura económica desde 2009 causou unha deterioración no financiamento do SUG que fixo que se minorasen os orzamentos en case un 18 % pasando no caso da UDC de 137 millóns de euros no ano 2010 a 116 neste ano 2016. Para

facer fronte a esta situación foi preciso planificar a aplicación dos fondos propios para amortecer os efectos da caída do orzamento. A prolongación dos efectos da crise económica provocou que fose preciso facer uso progresivamente do remanente. O resultado final fai que as reservas do remanente de tesouraría estean case que esgotadas.

Debido a que boa parte dos ingresos, ingresos por matrícula, están concentradas na última parte do ano, esta universidade, nun exercicio de responsabilidade social, acometeu unha operación de financiamento de tesouraría por valor de 3,8 millóns para atender as débedas cos provedores. A operación formalizouse a finais de xullo cunha entidade financeira. A póliza ten unha vixencia de cinco meses, polo que finaliza o 26 de decembro deste mesmo ano. Neste momento, xa está reservado o crédito para liquidar esta póliza de crédito. Simultaneamente, esta universidade está a traballar na mellora da xestión económica da tesouraría e na axilización de dereitos de cobro.

## **5.2 EVOLUCIÓN DO PDI E DO PAS**

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos plans de sustentabilidade e as actuais restricións financeiras fan que sexa necesario utilizar de forma efectiva e eficiente a taxa de reposición, que é do 100 %, a cal se está respectando ao máximo. A utilización da taxa de reposición na oferta pública de emprego e a revisión da planificación docente serán as ferramentas que nos permitirán manter os procesos de estabilización e promoción dos distintos colectivos do PDI. Deste xeito, permítese a contratación de PDI funcionario e laboral fixo en función da taxa de reposición correspondentes ao ano 2017.

Para o colectivo do PAS, a funcionarización aprobada no último exercicio é unha ferramenta que posibilitou a estabilización deste colectivo. A consolidación dos procesos de promoción interna e os concursos de traslados, conciliados coa necesidade de conter o gasto en persoal –aínda coa existencia de subas ligadas á antigüidade–, permitirá desenvolver a carreira profesional do persoal de administración e servizos da UDC. A reorganización administrativa aprobada na última RPT facilitará a adaptación ás novas necesidades de xestión e será necesario comezar a negociar unha nova RPT orientada a optimizar os recursos dispoñibles nun escenario non expansivo de novas contratacións.

Por último, e tal e como se explicou no anterior documento de aprobación de liñas xerais, tendo en conta a importancia de mellorar o financiamento pola vía dos resultados, tanto no que se refire á mellora da calidade docente, como na investigadora ou da transferencia, o acento deberase poñer na mellora do rendemento dos *inputs*, isto é na mellora da eficiencia.

## 6. CONCLUSIÓNS

As principais conclusións que se derivan deste documento e que marcarán o desenvolvemento do orzamento do ano 2017 son as seguintes:

1) **Contexto de restrición orzamentaria.** Continuamos nun contexto orzamentario restritivo. Faise imprescindible a mellora da financiamento, sobre todo no que respecta ao fondo estrutural, que é o principal garante do normal funcionamento do SUG.

2) **Evolución do fondo estrutural.** Cómpre destacar tres resultados:

a) A actual evolución do alumnado fai que se produza un transvasamento do fondo estrutural ao de resultados. A proposta da UDC é que se manteña ese fondo estrutural estable e constante con independencia da evolución do alumnado.

b) A nosa universidade, logo de esixir a revisión dos indicadores con base nos cales se calcula o fondo estrutural mellorou a porcentaxe ou ponderación pasando no ano 2016 dun 26,41 % a un 26,80 % e no ano 2017 a un 26,93 %.

c) É importante destacar a revisión do procedemento de cálculo que se segue para obter esas ponderacións. A falta de resolución deste problema está causando un atraso na elaboración dos orzamentos e na entrega deste documento final, que nos obriga a ter que seguir adiante o proceso de desenvolvemento dos orzamentos sen saber cal é o resultado final. A proposta desta Universidade é que exista un nivel mínimo de fondo estrutural que permita garantir o funcionamento ordinario das universidades do SUG. De igual maneira, vén de esixir que se produza unha homoxeneización no cálculo dos créditos computables por unha homoxeneización do número de materias relacionadas coas titulacións impartidas.

**3) Mellora do financiamento por resultados.** Tal e como se prevía, existe un incremento de financiamento para todo o SUG do financiamento por resultados. O dato máis sobresaínte é que a nosa universidade mellora tanto no fondo dos complementos retributivos (a segunda en relevancia) como no panel de indicadores, onde é a que máis crece (21,75 % fronte a un 21,04 %). Este dato revela que a Universidade, no seu conxunto, está a mellorar o rendemento da actividade investigadora e de transferencia. Este incremento debería consolidarse nos próximos anos, o que permitiría mellorar a captación dos fondos por resultados, sobre todo no panel de indicadores.

**4) Equilibrio orzamentario.** O equilibrio orzamentario sitúase no nivel dos 119,4 millóns. O balance do exercicio económico do ano 2017 presenta un escenario en que se está a producir unha lixeira mellora nos ingresos correspondente ao capítulo III, e unha mellora das transferencias correntes (capítulo IV), se ben neste apartado está incluída a recuperación do complemento específico.

No que se refire aos gastos, prodúcese unha redución do gasto no capítulo II motivado pola implantación de programas de aforro, eficiencia enerxética, e control do gasto para o cal son precisas achegas de capital doutras institucións.

**5) Remanente en nivel reducido e operación de tesouraría.** Ante un contexto orzamentario restritivo fíxose necesario planificar a aplicación dos fondos propios para amortecer os efectos da caída do orzamento polo que o remanente de tesouraría xa case se esgotara. Derivado deste feito, foi necesario realizar unha operación de financiamento de tesouraría. Neste momento, xa temos reservado o crédito para liquidar esta póliza. Simultaneamente, esta universidade está a traballar na axilización de dereitos de cobro con outras entidades.